



ANUNCIO do 29 de xuño de 2021, da Xefatura Territorial de Lugo, polo que se fai pública a proposta dunha liña de deslindamento con propiedades particulares do monte veciñal en man común de *Mosteiro*, na parroquia de Mosteiro, concello de Navia de Suarna (Lugo). Expediente 3DES_2021.

Para os efectos previstos no artigo 54 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, dáselle publicidade á proposta de deslindamento do monte veciñal en man común (MVMC) de Mosteiro con propiedades particulares, presentada pola comunidade de Mosteiro o 18.5.2021.

Con data 15.6.2021 o Servizo de Montes de Lugo emitiu un informe favorable ao considerar que non existe menoscabo da integridade do MVMC.

Contra a proposta de deslindamento, no prazo dun mes, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio, as persoas interesadas poderán presentar ante a comunidade propietaria as alegacións e os títulos que acrediten a propiedade ou a posesión dos predios afectados.

Durante este prazo, a documentación estará dispoñible no Servizo de Montes de Lugo, sito na Ronda da Muralla, 70, baixo 2º, de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres, para os efectos de coñecer integramente o contido da dita proposta. Para consultar a documentación, os interesados deberán pedir cita previa nos teléfonos 982 889 256 ou 982 294 532.

Lugo, 29 de xuño de 2021

M^a Olga Iglesias Fontal
Xefa territorial da Consellería do Medio Rural de Lugo

